

CCR/Ra/Ms/Ca



Data Rexistro: 03/12/2025 12:24:21
Nº Rexistro: 2025001294



MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 28 de novembro de 2025, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Dona María Manuela Rodríguez Pumar:

14.8551.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. ...

...

Sr. Presidente.- Por parte do Bloque Nacionalista, María Manuela Rodríguez Pumar.

Sra. Rodríguez Pumar.- Quería formular dúas preguntas. Unha é sobre a sinatura do convenio co Concello de Vigo para financiar a piscina de Teis, queríamos saber cando se vai asinar, que debería facerse canto antes, pola premura que iso ten, en lugar de seguir demorando o acordo por esa especie de desexo caprichoso ...

Sr. Presidente.- Pregunta, pregunta, a ver a pregunta.

Sra. Rodríguez Pumar.- ... a fotografía con Abel Caballero, que non fai falta, a foto non fai falta, que se asine.

Sr. Presidente.- Espera, espera, espera, a ver, que, volvo, é que claro, é que vós non estabades aquí nos anteriores mandatos e non o entendedes, pero aplicade a fórmula do regulamento que aprobou o Bloque Nacionalista Galego e o PSOE, pregunta, simplemente é o que vos pido, ¿vale? Grazas. ¡Pero se aplicaba a unha rajatabla! Pulsa, por favor. Ten a palabra para formular outra pregunta María Manuela Rodríguez Pumar, espera, espera, espera.

Sra. Rodríguez Pumar.- E sobre as actuacións de canalización de pluviais e seguranza viaria na EP-2703 na altura do barrio da Ponte, que xa se fixo un rogo no seu día, pasaron por alí os técnicos pero ao final non se fixo nada, e quería saber se se vai a facer actuacións ou non nese tramo dunha estrada que pasa por Pontearcas, directa a Pazos de Borbén.

Sr. Presidente.- ¿Esto é en Pontearcas?



Sra. Rodríguez Pumar.- Si, barrio da Ponte, en Pontearcas, nesa estrada.

Sr. Presidente.- Vale. Moitas grazas. Bueno, pois damos por finalizado este pleno ordinario e quedamos emprazados mínimo para o ordinario do mes de decembro. Moitas grazas.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 2 de decembro de 2025.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 03/12/2025 09:20

D^a María Manuela Rodríguez Pumar.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno) (por correo electrónico).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Preguntas efectuadas pola deputada do Grupo Provincial do BNG, Dona María Manuela Rodríguez Pumar, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28 de novembro de 2025:

1ª PREGUNTA:

Unha é sobre a sinatura do convenio co Concello de Vigo para financiar a piscina de Teis, queríamos saber cando se vai a asinar, que debería facerse canto antes, pola premura que iso ten, en lugar de seguir demorando o acordo por esa especie de desexo caprichoso...

RESPOSTA:

O convenio foi asinado en tempo e forma, de acordo co procedemento legalmente establecido, no marco dunha actuación na que a Deputación financia o 70 % do orzamento do proxecto, correspondente a unha obra moi esperada pola veciñanza de Vigo.

2ª PREGUNTA:

Sobre as actuacións de canalización de pluviais e seguranza viaria na EP-2703 na altura do barrio da Ponte, que xa se fixo un rogo no seu día, pasaron por alí os técnicos pero ao final non se fixo nada, e quería saber se se vai a facer actuacións ou non nese tramo dunha estrada que pasa por Pontearreas, directa a Pazos de Borbén.

RESPOSTA:

En relación coas actuacións na EP-2703 á altura do barrio da Ponte, cómpre aclarar que o único punto no que se teñen rexistrado incidencias de drenaxe corresponde aos accesos a dúas vivendas particulares, onde as cunetas da estrada foron entubadas polos propios propietarios ao executar os seus accesos rodados. De conformidade coa normativa de estradas, o mantemento dese entubado é responsabilidade dos titulares das autorizacións.

Desde a Deputación realizáronse varias visitas técnicas ao lugar e mantivéronse distintas reunións coas propietarias das vivendas afectadas, nas que se lles explicou reiteradamente o alcance das súas obrigas de conservación e mantemento. Ademais, leváronse a cabo actuacións puntuais, incluso asumindo unha intervención de carácter urxente por razóns de seguranza viaria, malia non ser unha obriga da administración provincial.



Os problemas detectados están agravados por danos na rede de pluviais derivados dunha acometida de saneamento executada por un terceiro alleo á Deputación. Neste momento estase a analizar a situación desde o punto de vista técnico e xurídico, co obxectivo de determinar as actuacións que, no seu caso, procedan.

Asinado dixitalmente.

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 26/12/2025 11:11



